




ORIENTACIÓN.

Unidade didáctica de orientación deportiva para Segundo curso de Educación Secundaria

Mapa



ORIENTACIÓN ESCOLAR					
P-3		3,1 km		65 m	
1	38	▲		○	
2	68	←	▬	○	L
3	32	↑	▲	○	
4	53	↑	▲	○	
5	72	↑	▲	○	
6	62	→	▲	▬	▬
7	48	↓	▲	▬	▬
8	51	▬		○	L
9	71	→	▲	○	
10	88	▲		○	
11	42	↑	▲	○	
12	44	▬		○	L
13	87	→	▲	○	
14	51	▬		○	L
15	39	↑	▲	○	
16	100	▬	▬	○	

○ ——— 210 m ——— ○



R1	R2	R3
Usar en caso	de fallo de	SPORTident



A. INDICE

A.	INDICE.....	2
B.	PRESENTACIÓN.....	3
C.	A ORIENTACIÓN NO CURRÍCULO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA.....	3
1.	<i>OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA</i>	3
2.	<i>CONTIDOS</i>	4
3.	<i>CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE</i>	5
	• COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.....	5
	• COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA.....	5
	• COMPETENCIA DIXITAL.....	6
	• COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER.....	6
	• COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS.....	6
	• SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR.....	6
	• COMPETENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIAS.....	7
D.	XUSTIFICACIÓN.....	7
E.	HISTORIA.....	8
F.	METODOLOXÍA.....	9
G.	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	10
H.	POSIBILIDADES DE INTERDISCIPLINARIEDADE.....	10
1.	<i>MATEMÁTICAS</i>	10
2.	<i>XEOGRAFÍA</i>	10
3.	<i>LINGUAS</i>	11
4.	<i>Física</i>	11
5.	<i>DEBUXO</i>	11
6.	<i>INFORMÁTICA</i>	11
I.	UNIDADE DIDÁCTICA.....	11
1.	<i>CONCRECIÓN CURRICULAR</i>	11
2.	<i>TEMPORALIZACIÓN</i>	12
3.	<i>SESIÓNS</i>	12
4.	<i>AVALIACIÓN</i>	21
	• AVALIACIÓN DO ALUMNADO.....	21
	• AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN.....	24



B. PRESENTACIÓN.

Esta unidade didáctica de Orientación ten como obxectivo contribuír a facilitar a introdución deste deporte nas sesións de Educación Física da Educación Secundaria no marco da Estratexia de Promoción da Actividade Deportiva que desenvolve a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Un dos obxectivos da Educación Física Escolar e deste proxecto da Secretaría Xeral para o Deporte é o de fomentar que a actividade física deportiva pase a formar parte dos hábitos de vida das persoas contribuíndo a evitar o sedentarismo e outros malos costumes que acaban por minguar a calidade de vida das persoas. Neste sentido a Orientación, que pasa por ser un deporte descoñecido para os alumnos e para a maioría da poboación por non ter cabida nas programacións televisivas, esperta rapidamente o interese de todos por contar cun plus de aventura en contacto co medio natural sen os riscos que implican a maioría das actividades deste tipo.

O anterior queda reflectido no Decreto 86/2015 do 29 de xuño que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria en Galicia e no que di que os equipos docentes deberán promover as condicións para desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe considerando que a promoción da práctica diaria deportiva debe formar parte do desenvolvemento integral do alumnado.

C. A ORIENTACIÓN NO CURRÍCULO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA.

1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

Esta unidade contribúe a consecución dos obxectivos que a lei establece para a Educación Secundaria Obrigatoria, especialmente dos seguintes:

- G) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- M) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e de saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o



coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

2. CONTIDOS.

Os contidos desta unidade aparecen recollidos nos seguintes bloques de contidos do currículo de 2º curso de ESO:

- Bloque I: contidos comúns en Educación Física.
 - B.1.1.- Fases de activación e recuperación na practica dunha carreira de orientación ou dunha actividade de orientación.
 - B.1.2.- Selección de exercicios axeitados para as fases de activación e volta á calma.
 - B.1.3.- Respecto e aceptación das normas da orientación na súa práctica.
 - B.1.5.- Respecto dos outros participantes e aceptación dos nosos erros como paso para aprender e mellorar neste deporte.
 - B.1.6.- Posibilidade de utilizar o contorno para practicar este deporte utilizando un plano, foto aérea ou sen nada.
 - B.1.7.- Respetar as normas de conservación do medio natural e urbano.
 - B.1.8.- Valora-la orientación como unha actividade física saudable que se adapta a tódolos niveis físicos.
 - B.1.10.- Prevención dos riscos da práctica da orientación baseándose no coñecemento das características desta actividade.
 - B.1.11.- Protocolo de actuación nos primeiros auxilios (PAS).
 - B.1.12.- Coñecemento e emprego dos materiais necesarios para esta práctica deportiva, útiles e vestiario.
 - B.1.13.- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información sobre as orixes deste deporte e para elaborar materiais en forma de mapas ou fotos que nos permitan realizar actividades ou xogos de orientación.
- Bloque III: Actividade física e a saúde.
 - B.3.1.- Condición física. Capacidades físicas como base para o rendemento deportivo.
 - B.3.2.- Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación.



- B.3.4.- Control da intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca.
- B.3.7.- Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas.
- B.3.10.- A orientación como actividade física habitual e o seu efecto sobre a calidade de vida.
- Bloque IV: Os xogos e as actividades deportivas.
 - B.4.2.- Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe da orientación.
 - B.4.3.- Adquisición de técnicas de progresión e orientación no medio natural, a súa aplicación en diferentes contornos (pavillón, recinto, parque, bosque, etc...)

3. CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

En cada unha das competencias destacaremos unha serie de indicadores que nos facilitarán tanto traballo como a observación do desenvolvemento das competencias:

- **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.**

Durante esta unidade cada alumno irá recollendo as súas experiencias en clase, erros, descubrimentos, etc.. incluso resume da súa experiencia na primeira carreira de orientación organizada.

- *Presenta un pequeno comentario de media carilla da súa experiencia neste deporte*
- *Resume as sesións nas que non participa de forma correcta.*
- *Utiliza a comunicación para solicitar aclaracións, axudar ós compañeiros ou resolver os conflitos.*

- **COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA.**

En orientación é fundamental un dominio básico de conceptos como escala, distancia, curva de nivel, rumbo, etc.. polo que a competencia matemática é fundamental para a competencia nesta especialidade deportiva.

- *Dominio das magnitudes que manexa (distancias, altitudes, etc.)*
- *Dominio das magnitudes representadas (distancias, curvas de nivel, escala, etc)*
- *Coñecemento no funcionamento do compás..*



- **COMPETENCIA DIXITAL.**

Por unha banda o alumno deberá informarse das orixes da orientación entre a información facilitada na aula virtual e outra rescatada de páxinas web. Así mesmo o alumnado deberá adquirir un nivel de competencia dixital que lle permita obter fotos aéreas de zonas preto do seu lugar de residencia para facer xogos de orientación.

- *Información teórica a través da aula virtual.*
- *Elaborar xogos de orientación con fotos aéreas.*
- *Visualización de mapas diferentes de carreiras de orientación.*

- **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER.**

O didáctica do deporte da orientación é un claro exemplo de descubrimento guiado, no que o alumno deberá ir buscando estratexias para superar as dificultades que se lle presentan e non só a través do profesor, senón a través dos compañeiros ou doutras fontes de información.

- *Elaboración do resume de incidencias e erros para analizalos e tratar se non cometelos de novo.*
- *Reelaboración dos percorridos sobre o mapa na aula e análise.*

- **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS.**

O respecto das normas de ecoloxía representa característica das competencias sociais e cívicas dado que está colaborando nun ben común. Ademais nas actividades de orientación debemos respectar os permisos para transitar por zonas privadas ou de acceso restrinxido.

- *Respectar ós demais, ó profesor, ó traballo que desenvolven os anteriores e os materiais de todos.*
- *Respecto das normas establecidas nos xogos e das normas regulamentarias básicas da orientación.*
- *Prestar a axuda necesaria a outro participante que o precise.*

- **SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR.**

Posiblemente nesta competencia na que se atopa un dos maiores valores que nos aporta a orientación na formación dos nosos alumnos, dado que a carreira, agás nos momentos iniciais, é unha actividade individual onde o alumno deberá resolver os problemas que lle



vaian xurdindo contando cos elementos e útiles cos que conta (compás, mapa, etc ..). E en caso de desorientarse deberá idear unha estratexia para regresar á saída.

- *Responsabilidade en contar co material preciso para unha carreira.*
- *Dominio de estratexias para resolver problemas sobre a marcha.*
- *Valorar os riscos das actividades no medio natural e ser quen de asumir aqueles reais.*

- **COMPETENCIA E EXPRESIÓNS CULTURALS.**

A incidencia da orientación no desenvolvemento da competencia cultura centrarémolo no respecto ó medio no que se desenvolve a actividade. Por outra banda cabe a posibilidade de organizar actividades concretas que poidan combinar esta actividade deportiva co descubrimento de bens de tipo cultural en entornas concretos.

- *Valora-lo medio natural como un lugar idóneo para a realización de actividades físicas que serviranos para mellora-la nosa calidade de vida.*

D. XUSTIFICACIÓN.

Existe na sociedade unha idea de que as actividades no medio natural implican un risco físico alto, e aínda que pode ser certo con algunhas actividades, non é así con outras como a orientación, o sendeirismo, a acampada, etc.. Se ó anterior lle sumamos a responsabilidade que supón para os docentes saír con alumnado fóra do recinto escolar, o resultado é unha negativa taxante e lóxica dunha gran parte de docentes a afrontar este tipo de actividades.

Sen embargo é evidente que unha carreira de orientación non representa máis perigo que unha carreira de campo a través ou unha saída ó zoolóxico. A orientación podemos practicala sentados no pupitre, na aula, no pavillón ou no recinto do Centro, pero se desexamos darlle continuidade e un novo aliciente ós alumnos debemos levalos a un parque ou un lugar no medio natural.

É un dos obxectivos deste proxecto aportar axuda, seguridade e dominio ós docentes para desterrar estas falsas ideas e que afronten a orientación como a práctica doutros deportes comúns nas nosas aulas.

Sen embargo a orientación ten unha serie de valores que contribúen decisivamente na formación dos alumnos e que constitúen unha característica nos caracteres dos xóvenes orientadores.

- Independencia e seguridade na resolución de problemas que se lle plantean.



- Utilización dos recursos ó seu alcance de forma lóxica e organizada para conseguir os obxectivos propostos.
- Respecto polos outros participantes que precisan axuda por enriba dos seus obxectivos na carreira.
- Respecto e valoración do medio natural como medio idóneo para a desfrute de todos e a realización de actividade física.
- Seguridade á hora de viaxar polo mundo baseada na seguridade de saber moverse polo seu contorno.

Como contido didáctico este deporte apórtanos como docentes:

- Integración nunha soa actividade a práctica de contidos de diferentes materias: Educación Física, Matemáticas, Xeografía, Ciencias Naturais.
- Mellora da condición física xeral a través de xogos de orientación.
- Práctica de capacidades intelectuais a través de xogos como a memorización de percorridos.
- Respecto do nivel de capacidades dos demais a través da realización de xogos por relevos de orientación.
- Mellora da atención a través da necesaria percepción do mapa ou plano para desprazarse e da atención as instrucións orais e escritas para o desenvolvemento do xogo ou proba.
- Mellora da concentración a través da preparación para unha carreira tendo en conta os materiais necesarios e imprescindibles e a dinámica de paso en cada control con ataque, confirmación de código, picado e saída.

E. HISTORIA.

A orientación é orixinaria de Escandinavia, onde se iniciou como exercicio militar, a finais do século XIX. Como deporte competitivo comezou en Noruega, onde se fixo a primeira carreira preto de Oslo. A primeira gran competición organizouna o oficial Ernest Killander en 1918 o sueste de Estocolmo con 220 atletas. Killander seguiu elaborando as normas deste deporte e hoxe é considerado pai da orientación.

A orientación chegou a España da man de Martin Kronlund que chegou a España para dar clase no INEF de Madrid como profesor de esgrima a finais dos anos 60. Para que os seus alumnos se exercitaran fisicamente fixo un mapa da Casa de Campo e alí levaba os seus alumnos a facer orientación, logo fundou un club en Madrid e dende aí foise estendendo ó resto de España.



A Galicia chegou a finais dos anos 70 da man duns militares que fixeron unha asociación de clubs de orientación en Galicia con equipos en Vigo, Lugo, Coruña, Ferrol e Pontevedra. Hoxe en día a Federación Galega é a máis numerosa de España absoluta en orientación en bicicleta de montaña.

F. METODOLOXÍA.

O decreto 86/2015 do 25 de xuño fala da potenciación da aprendizaxe por competencias o que significa unha aprendizaxe transversal e integral dende unha visión interdisciplinar.

O papel do docente é fundamental, posto que debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción. Isto parece especialmente indicado para afrontar a didáctica da orientación posto que nela non teñen cabida a imitación de modelos.

A base da metodoloxía desta unidade está na presentación ó alumnado de retos que irá resolvendo mentres desenvolve a capacidade de aprender a aprender, buscando a axuda necesaria no profesor ou nos seus compañeiros segundo o plantexamento da tarefa.

A orientación, por tratarse dun deporte baseado non só nas capacidades físicas, senón tamén nas intelectuais, fai que non sempre gañen a carreira os que teñen maiores capacidades físicas, e todo o alumnado teña as mesmas posibilidades de acadar o éxito.

Nas distintas actividades establécense niveis de percorridos para que cada alumno elixa o seu en función da dificultade que quere afrontar, dese xeito favorecemos que cada alumno afronte a aprendizaxe a un ritmo persoal.

Algunhas actividades están deseñadas para ser realizadas en equipo o que favorece a cooperación e a integración. Na actividade final desta Unidade, cando o alumnado saia ó medio natural o alumnado poderá ir en grupo para dar seguridade ó propio alumnado e para favorecer o traballo en equipo.

Na didáctica da orientación debe ter unha grande importancia a fase da reflexión tralo exercicio. Despois da actividade, a través da reprodución sobre o mapa do percorrido realizado, realizamos unha análise dos erros ou doutras posibilidades de execución que provocarán a reflexión do alumno e o levarán a proporse medidas de corrección que farán mellorar a súa autonomía e a súa competencia para aprender a aprender.



G. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Con respecto á diversidade a orientación sempre contempla a realización de actividades graduadas e dificultades de xeito que nunca todo o grupo está traballando no mesmo nivel de dificultade.

Todos os alumnos están realizando a mesma tarefa, pero cada tarefa ten percorridos diferentes cada un dunha dificultade distinta e nin sequera o alumnado sabe que dificultade ten cada percorrido, iso soamente o sabe o trazador, neste caso o profesor.

Cando chega a hora de competir sexa en forma de xogo ou de carreira, cada alumno compite contra os do seu percorrido e cada un escolle o percorrido en grao de dificultade, esta vez si, sabendo cal é o máis complicado e cal o máis doado.

Para o que non está en condicións físicas de participar na fase práctica da sesión poderá facer os exercicios reservados para facer no pupitre. Se non participa por unha lesión puntual deberá resumir a sesión como aparece indicado na programación anual da materia.

H. POSIBILIDADES DE INTERDISCIPLINARIEDADE.

A didáctica do deporte da orientación permite grandes posibilidades de interdisciplinabilidade debido a que participa de contidos de materias distintas e ademais conceptos propios do 1º ciclo de ESO:

1. MATEMÁTICAS.

Para a realización de percorridos de orientación en espazos non familiares o alumno debe estar familiarizado co concepto de escala para calcular aproximadamente distancias na realidade a raíz das distancias medidas no mapa.

2. XEOGRAFÍA.

O alumno a través das tarefas de orientación estará integrando conceptos de Xeografía como é a lectura de mapas e o coñecemento dos seus elementos: escala, lenda, Norte, meridianos, curvas de nivel, equidistancia, etc... Pero non se trata duns elementos prescindibles para a práctica da orientación, senón que se tratan de elementos fundamentais.

Por outra banda o feito de realizar esta actividade no medio circundante implica o coñecemento do medio que rodea o alumno, entendendo por coñecemento do medio coñecemento da fauna, flora e orografía.



3. LINGUAS

O feito de que un fundamental mecanismo de aprendizaxe sexa a reflexión e comentario dos erros e das incidencias despois da proba, implica perfeccionamento da expresión, adquisición de vocabulario específico e non específico. Ademais estas experiencias deberán ser contadas por escrito cun mínimo de corrección ortográfica e lingüística.

4. FÍSICA.

Explicación do mecanismo polo que funciona un compás ou compás, baseándose no campo magnético que é o planeta terra.

5. DEBUXO.

Entre as actividades procuraremos algunhas que impliquen representación de espazos moi coñecidos e moi fáciles de representar, para facer exercicios de orientación baseándose neses planos.

6. INFORMÁTICA.

Utilizaremos a rede para buscar mapas diversos, buscar información sobre este deporte, imprimir fotos aéreas ou planos de catastro ou outros organismos para facer xogos de orientación, buscar xogos na Rede de orientación para poder facer carreiras de orientación de forma virtual, elaborar os exercicios e envialos a través da aula virtual.

I. UNIDADE DIDÁCTICA.

1. CONCRECIÓN CURRICULAR.

Debido a gran cantidade de contidos que queremos presentar ó alumnado, sobre todo, debido o descoñecemento que existe desta práctica deportiva, establecemos unha aula virtual onde situaremos aqueles documentos que serán o marco teórico que será o soporte do que imos explicar na aula ós alumnos:

Aula virtual:

- *Historia da orientación.*
 - *Orixes da orientación.*
 - *En España.*
 - *En Galicia.*
- *A carreira de orientación clásica.*
 - *Dinámica dunha carreira de orientación.*





- *Material de orientación.*
 - *Mapas.*
 - *Elementos do mapa.*
 - *Escala.*
 - *Colores, lenda.*
 - *Curvas de nivel e equidistancia.*
 - *Simbología maxenta, triángulo, pasos obrigados, liñas descontinuas, liñas dirección, área prohibidas, bucles, etc..*
 - *Tipos de mapas.*
 - *Simbología básica.*
 - *Cadro de descrições.*
 - *Simbología descriptiva básica.*
 - *Compás.. Bases físicas do seu funcionamento.*
 - *Vestuario e calzado.*
- *Modalidades de orientación.*

2. TEMPORALIZACIÓN

Esta Unidade Didáctica está planteada para desenvolverse 7 sesión contando coa última a xornada de convivencia onde se realizará a proba, pero é posible que debido ás circunstancias particulares de cada profesor (as dúas sesións xuntas, clases no serán, clases nas que pode coller parte do recreo, duchas ou non duchas, etc ..), non poida acomodar todos estes contidos e exercicios neste número de sesións polo que será el quen decida se fai unha sesión máis.

3. SESIÓN:



Nº sesión: 1ª	U.D. "ORIENTACIÓN"	Curso: 2º ESO	Data:	Duración 50
<p align="center">CONTIDOS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Historia da orientación. ▪ Materiais necesarios para esta práctica deportiva. ▪ Mapas. ▪ Escala. ▪ Exercicios de orientar o plano ou mapa. 		<p>Espazos: Aula e pista polideportiva.</p> <p>Materiais: Planos da pista polideportiva, conos.</p> <p>Metodoloxía Descubrimento guiado</p> <p>Org. dos alumnos/-as: Individual.</p>		
<p>INFORMACIÓN PREVIA: Comezamos cunha explicación somera da Historia da Orientación seguimos amosando os materiais que se utilizan na práctica deste deporte seguindo a orde en que aparece a súa explicación na aula virtual (ou nos apuntamentos que lle damos previamente, se non tivéssemos posibilidade de elaborar traballar nunha aula virtual)</p> <p>Amosamos varios dos mapas que aparecen nos apuntamentos na pantalla grande para ir lembrando que é o que significa cada un dos elementos que se poden ver alí. Así mesmo se explica que significa toda a simboloxía que aparece en cor rmaxenta con respecto á carreira: triángulo, círculos, números de orde, liñas de dirección, etc...</p> <p>Damos a cada alumno un recorte dun cadro de descrición para tentar de descifralo e explicamos que significa para o corredor de orientación.</p> <p>Unha vez feito todo isto debería quedar tempo para baixar a pista ou pavillón a facer dous exercicios prácticos.</p>				
<p>QUECEMENTO:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Orientar o plano: cada alumno ten o seu plano da pista e colócase en calquera posición dentro da pista co seu plano no chan orientado segundo a realidade. A pista deberá ter algunha diferenza entre os dous lados, se non as a tivese colocamos un cono nalgún lugar da pista e debuxámolo nos planos cun punto, indicando ós alumnos que é o que significa ese punto. Tamén podemos debuxar unha símbolo do Norte en A3 e colocalo nun fondo da pista para orientar o mapa (tendo en conta que os números e as letras do mapa están sempre orientados ó norte). 				
<p>PARTE PRINCIPAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Calcular a escala: os alumnos deberán baixar ó pavillón un folio branco, un lapis, unha regra e, voluntariamente, unha calculadora. Deberán, en grupos de catro, tomar medidas das dimensións laterais da pista e relacionándoas coas medidas do plano calcular a escala do plano que se lle entregou. Cada grupo terá acceso a una cinta métrica para tomar as medidas. 				
<p>VOLTA A CALMA:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Reflexión: Unha vez calculado por tódolos grupos, os alumnos sentan en círculo o profesor dá o resultado e cada grupo comparará a súa solución tratando de comentar porque se equivocaron e se acertaron con resultado como fixeron para chegar a solución. 				
<p>OBSERVACIÓNS:</p>				




DOCUMENTOS PARA ESTA PRIMEIRA SESIÓN:





SIMBOLOXÍA BÁSICA DE ORIENTACIÓN.

<p>Formas del terreno</p> <ul style="list-style-type: none"> Terraza Espolón Vaguada, entrante Terraplén, barranco Cantera Muro de tierra Surco de erosión Surco pequeño, sanja seca Colina Cota, montículo Collado Depresión Pequeña depresión Hoyo, agujero Tierra quebrada Hormiguero, termitas <p>Rocas y piedras</p> <ul style="list-style-type: none"> Cortado, cara de la roca Pilar de roca Cueva Piedra Zona rocosa Grupo de piedras Pedregal Afloramiento rocoso Paso estrecho 	<p>Agua y pantano</p> <ul style="list-style-type: none"> Lago Charca Agujero con agua Rio, arroyo Zanja Pantano estrecho Pantano Tierra firme en pantano Pozo Manancial Tanque de agua <p>Vegetación</p> <ul style="list-style-type: none"> Campo abierto Campo semi-abierto Esquina del bosque Claro Matorral, vegetación espesa Seto Límite de vegetación Bosquecillo Arbol singular o distintivo Tocón de arbol, raíz <p><small>© Simon Errington 2005. simon@maprunner.org.uk</small></p>	<p>Elementos hechos por el hombre</p> <ul style="list-style-type: none"> Carretera Camino, pista Cortafuegos Puente Línea eléctrica Poste Túnel Muro de piedra Cerca Punto de cruce Edificio Area pavimentada Ruina Tubería Torre Plataforma de tiro Mojón, señalizador Comedero, pesebre Carbonera Monumento, estatua Paso a través de construcción Escalera <p>Características especiales</p> <ul style="list-style-type: none"> Elemento especial Elemento especial circular
--	---	---



ELEMENTOS INDICADORES BÁSICOS DUNHA CARREIRA DE ORIENTACIÓN:





Nº sesión: 2º	U.D. "ORIENTACIÓN"	Curso: 2º ESO	Data:	Duración 50
<p>CONTIDOS</p> <ul style="list-style-type: none"> Realización dun percorrido de orientación. Colaboración cos compañeiros nas actividades docentes. 		<p>Espazos: Pista polideportiva.</p> <p>Materiais: Conos cunha pinza atada a cada cono, dous bancos, cronómetro.</p> <p>Metodoloxía Descubrimento guiado</p> <p>Org. dos alumnos/-as: Individual.</p>		
<p>INFORMACIÓN PREVIA: Comezamos a sesión lembrando por enriba o dito na sesión anterior de cómo había que actuar nunha carreira de orientación, partindo do triángulo e seguindo a orde establecida. Lembramos tamén a importancia de orientar o mapa en cada momento.</p>				
<p>QUECEMENTO:</p> <ul style="list-style-type: none"> Carreira arredor da pista onde cada alumno e alumna leva o seu mapa e corre polos laterais da pista utilizando a liña lateral como liña de dirección e mantendo sempre a seguinte curruncho no rumbo. Carreira pola pista por parellas - primeiro un da parella diseña o percorrido cun bolígrafo no papel e logo dállo ó compañeiro que o vai seguindo e no remate comentan os erros. Acto seguido intercambian os papeis 				
<p>PARTE PRINCIPAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> Carreira de orientación.- os alumnos saen a facer un percorrido de orientación pola pista polideportiva. Podemos facelo con pinzas atadas a cada cono ou sen pinzas, simplemente que o corredor visita e toque o cono en cuestión, neste caso debemos contar con outros alumnos que fagan de xuíces para comprobar que o percorrido se fai correctamente. <p>Que os controlen os propios alumnos supón outro exercicio importante para os controladores porque teñen que poñerse no lugar do corredor e comprobar que o percorrido é correcto.</p> <p>Colocar pinzas supón facer a proba máis parecida á realidade e ademais, evitar que haxa confusións ou conflitos por non facer o percorrido correctamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> Carreira de memoria.- Unha vez que todos pasaron pola proba, comezamos a facer o exercicio memorizando o percorrido e facendo se plano. Carreiras por parellas.- montamos un circuíto diferente e facemos que os alumnos e alumnas vaian saíndo dos dous lados, é dicir, compite un que sae do norte en dirección sur contra outro que parte do sur en dirección norte. Os dous corredores fan percorridos semellantes coa mesma distancia en sentido contrario. Deste xeito podemos organizar campionatos que son moi atractivos porque todo o mundo ve o rápido que van os compañeiros e poden animalos. 		<p>Percorrido A</p>  <p>Percorrido B</p>  		
<p>REFLEXION: Nesta fase os alumnos volven sobre os erros cometidos e as estratexias que foron xurdindo para ir máis rápido e non confundirse.</p>				
<p>OBSERVACIÓNS: Pedimos ó alumnado que vaia elaborando un mapa-plano do recinto exterior do Centro (indicamos como facelo). Para este exercicio aportamos á cada alumno unha foto aérea do recinto en escala 1/1000 e indicamos que primeiro calquen as principais liñas para logo completar con detalles o plano. Por último que calculen a escala sabendo que a pista polideportiva que se ve na imaxe mide 40 m. de longo.</p>				



Nº sesión: 3ª	U.D. "ORIENTACIÓN"	Curso: 2º ESO	Data:	Duración 50
<p>CONTIDOS</p> <ul style="list-style-type: none"> Os puntos cardinais. O norte do mapa. O rumbo. Orientación sobre espazos reducidos. 		<p>Espazos: Pista polideportiva, campo d e fútbol ou outro similar.</p> <p>Materiais: Conos, pinzas, carteis cos puntos cardinais e cronómetro..</p> <p>Metodoloxía Descubrimento guiado</p> <p>Org. dos alumnos/-as: Individual.</p>		
<p>INFORMACIÓN PREVIA:</p> <p>Informamos ó alumnado do tipo de actividades que imos facer nesta sesión pedindo un plus de atención e concentración. Recordamos a importancia do dominio deste tipo de actividades para afrontar un percorrido de orientación utilizando referencias e utilizando a compás unicamente para orientar o mapa.</p> <p>Comunicamos tamén a nosa intención de non usar a compás e polo tanto utilizaremos uns carteis grandes que colocaremos nos laterais do espazo onde fagamos a actividade e que nos servirán para orientar os mapas.</p>				
<p>QUECEMENTO:</p> <ul style="list-style-type: none"> Busca o rumbo.- Cada alumna/-o conta co seu plano cos rumbos marcados e trata de seguir os rumbos na realidade sempre visualizando o lugar a onde queremos dirixirnos e mantendo a liña recta. Temos en conta o norte que esta situado nunha das porterías e que non ten porque coincidir co Norte real, senón que colocamos a indicación de Norte e esa será a referencia para orientar o mapa. 				
<p>PARTE PRINCIPAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> Carreira de orientación en sprint. Colocamos unha serie ordenada de 36 conos con pinzas atadas e os alumnos tratan de facer sobre eles varios percorridos. Buscamos unha separación importante para que varias persoas poidan estar facendo o exercicio ó mesmo tempo, incluso toda a clase ó mesmo tempo, dado que temos moitos percorridos no mesmo plano. Importante que o cartel que indica o norte estea ben visible para que o alumnado non teña dificultades en orientar o mapa. <p>Nível I.</p> <ul style="list-style-type: none"> O mesmo exercicio anterior, pero aumentando a dificultade, todo o alumnado facendo os percorridos. Non parece o máis axeitado que teñamos pinzas para tódolos circuitos, de forma que podemos practicalos contando coa boa vontade do propio alumnado. Nível II. 				
<p>REFLEXION:</p> <p>Despois da sesión reflexión en común das dificultades e dos erros cometidos na execución da tarefa.</p>				
<p>OBSERVACIÓNS:</p>				









Nº sesión: 4ª	U.D. "ORIENTACIÓN"	Curso: 2º ESO	Data:	Duración 50
<p align="center">CONTIDOS</p> <ul style="list-style-type: none"> Orientación sobre o espazo referenciado. 		<p>Espazos: Pista polideportiva, campo de fútbol ou similar.</p> <p>Materiais: Conos, pinzas, cronómetro.</p> <p>Metodoloxía Descubrimento guiado</p> <p>Org. dos alumnos/-as: Individual.</p>		
<p>INFORMACIÓN PREVIA: <i>Seguiremos a mesma dinámica da sesión anterior, os alumno sitúanse para realizar os diversos percorridos, pero advertindo antes de comezar cada quenda de exercicios das dificultades e diferenzas que entrañan con respecto á anterior. Aproveitamos, se é o caso para dar os resultados do día anterior corrixidas as tarxetas.</i></p>				
<p>QUECEMENTO:</p> <ul style="list-style-type: none"> Para quentar cada alumno colle un mapa dun percorrido do nivel I e comeza a practicar para adentrarse no mapa e ver os conos, procuramos mover os conos de sitio para que o esquema de cores sexa diferente. 				
<p>PARTE PRINCIPAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> Comezamos facendo mapas de nivel III que introduce a representación do mapa en forma de puzzle. O nivel IV ademais do puzzle introduce a variación da situación do norte no plano o que esixe unha maior concentración do alumnado para poder orientarse. No nivel V se desordenan os puzzles, que se fan máis pequenos, e ademais se varia a posición do norte no plano. A dificultade parámola neste nivel para o noso alumnado de 2º de ESO. Despois de practicar estes exercicios só nos queda introducir un elemento de seguridade na realización destas tarefas que é o código e a descrición antes de saír ó espazo natural. 				
<p>REFLEXIONAR: <i>Volvemos reflexionar sobre as dificultades e os erros e as incidencias que se deron na aula. Lembramos que para a vindeira clase traian o plano que teñen elaborado para traballar con el.</i></p>				



Nº sesión: 5ª	U.D. "ORIENTACIÓN"	Curso: 2º ESO	Data:	Duración 50'
<p>CONTIDOS</p> <ul style="list-style-type: none"> Os códigos como elementos de seguridade para non errar. Carreiras por relevos. A condición física no resultado dunha carreira de orientación. 		<p>Espazos: Pista polideportiva.</p> <p>Materiais: Portafolios transparentes de plástico. E planos cos circuitos da pista.</p> <p>Metodoloxía Descubrimento guiado</p> <p>Org. dos alumnos/-as: Por grupos de dous e grupos de catro ou cinco dependendo do número</p>		
<p>INFORMACIÓN PREVIA: Lembramos o plano que teñen elaborado para que o saquen e explicamos que imos facer na sesión do día de hoxe.</p>				
<p>QUECEMENTO:</p> <ul style="list-style-type: none"> Agochar o tesouro.- O alumnado distribúense por parellas. Un vai colle o mapa do compañeiro e unha lata que ten pintado un código (nº de dous díxitos) por fóra, vai a un lugar no recinto agochala e cun rotulador pinta un círculo sobre o plástico do mapa para indicar onde está e o código, regresa ó lugar de encontro e entrega o mapa ó compañeiro que sae co seu mapa e vai busca-la lata, unha vez que a atopa volve con ela e entrégalla ó compañeiro, repetimos a acción varias veces, incluso colocando varias latas en cada ocasión. 				
<p>INFORMACIÓN PREVIA: Explicamos que é un cadro de descrições e para que serve ó código que van ver nos controis. Remitimos á aula virtual para ir vendo como se interpreta un cadro de descrições.</p>				
<p>PARTE PRINCIPAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> Carreira de orientación por relevos.- o grupo se divide en grupos de forma que sexan o mesmo numero de corredores por grupo, caso de non ser así os primeiros poderán repetir, de xeito que tódolos grupos fan os mesmos percorridos en distinto orde de posta. Ó chegar á meta o corredor entrega o testigo ó seu compañeiro, logo dá a tarxeta de control ó profe, colcoa o seu mapa no lugar correspondente e observa como se desenvolve a carreira sen entrometerse. 				
<p>VOLTA A CALMA:</p> <ul style="list-style-type: none"> REFLEXIÓN: O alumnado reflexiona sobre o resultado, os erros, as incidencias e fai as preguntas que estime oportunas sobre a experiencia da clase. 				
<p>OBSERVACIÓNS: Lembramos ó alumnado que lea o que ten na aula virtual sobre a simboloxía das descrições de controis, pero sen necesidade de memorizar nada. Lembramos algunhas paxinas de Internet onde se poden ir aprendendo esta simboloxía a base de xogos.</p>				
<p>OBSERVACIÓNS:</p>				



Nº sesión: 6º	U.D. "ORIENTACIÓN"	Curso: 2º ESO	Data:	Duración 50
<p align="center">CONTIDOS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Descricións de control ▪ Lectura do cadro da descricións de controis. 			<p>Espazos: Aula e recinto do Centro.</p> <p>Materiais: Cadros de descrición en branco.</p> <p>Metodoloxía Descubrimento guiado</p> <p>Org. dos alumnos/-as: Individual.</p>	
<p>INFORMACIÓN PREVIA: <i>Ubicámonos na aula nun pupitre con ordenador e imos vendo diversas fotos de lugares nos que aparece colocada unha baliza e ó carón un recorte do mapa, algún sen orientar, para que o alumno descubra cal é a representación gráfica da situación que se ve na foto.</i></p>				
<p>PARTE PRINCIPAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Na pista polideportiva se plantea unha carreira, pero en cada baliza o alumnado se atopa unha foto dunha baliza e a súa representación nun mapa coa súa descrición. O alumno deberá picar no A-B-C segundo crea cal é a correcta. Se presentan varias representacións gráficas. O alumno deberá identificar cal delas se corresponde coa situación que se representa na foto. Procuraremos que sexa situacións moi claras que non deixen lugar á discusión. O norte no mapa indícanolo o sentido da lectura das descricións 				
 <p align="center">A</p>		 <p align="center">B</p>		 <p align="center">C</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cada alumno leva un cadro de descrición baleiro e enfronte de cada baliza colocada o grupo vai discutindo sobre como definir á descrición dese control. Cada alumno leva un lapis e unha goma e vai cubrindo segundo as conclusións as que chega o grupo. O profesor vai facendo observacións para favorecer que o alumnado chegue a unha conclusión de que debe indicar nas descricións. Se o alumnado non chega a un dominio suficiente das descricións, cousa moi posible, faremos as descricións con freses 				
<p>VOLTA A CALMA:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ REFLEXIÓN: o grupo reflexiona sobre as dificultades que atoparon ou aquelas que cren que poden atopar cando se enfrontan a un percorrido polo medio natural. <p>OBSERVACIÓNS:</p>				
				



Nº sesión:	7º	U.D. "ORIENTACIÓN"	Curso:	2º ESO	Data:	Duración
<p align="center">CONTIDOS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ A carreira de orientación. ▪ Protocolo de actuación durante unha competición de orientación. ▪ Utilización da compás só para orientar o mapa. ▪ Valoración do medio para facer actividade física e respecto polo coidado deste. 			<p>Espazos: Parque ou espazo semiurbano.</p> <p>Materiais: Mapas, pinzas, balizas. Cadros de descrición.</p> <p>Metodoloxía Descubrimento guiado</p> <p>Org. dos alumnos/-as: Individual ou grupos de dous</p>			
<p>INFORMACIÓN PREVIA: Informamos ó alumnado sobre o que imos facer e damos unha pequena charla sobre o uso que lle imos dar o compás. Como a van usar e para que a van usar.</p>						
<p>PARTE PRINCIPAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Carreira de orientación.- farase nun lugar de fácil orientación, parque ou espazo semiurbano sen perigos para o alumnado. Na carreira haberá monitores que resolverán as dúbidas do alumnado con respecto a todo o que implica unha carreira de orientación. ▪ Haberá dúas categorías (ou máis dependendo do número de participantes): Unha categoría para aqueles alumnos que queiran ir sós e competir contra outros. Outra categoría para aqueles alumnos que queiran ir en grupo, pero levando mapa todos. 						
<p>VOLTA A CALMA:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ REFLEXIÓN: De regreso no Centro posta en común das dificultades e dos erros, así como dos resultados. 						
<p>OBSERVACIÓNS:</p>						

XORNADA DE CONVIVENCIA



4. AVALIACIÓN.

Dentro dos estándares de aprendizaxe traballados nesta Unidade algúns deles son avaliados durante todo o proceso non só nesta unidade, dado que son comúns a tódalas unidades, son os pertencentes ó bloque de contidos comúns (Bloque 1). Para a avaliación destes estándares utilizaremos algúns instrumentos en tódalas unidades como son rexistros sistemáticos a través de escalas de observación diarias de clase. Este listado de criterios de observación sérvennos para sistematizar a observación que realizamos durante as sesións.

Neste 2º trimestre a Orientación comparte espazo e tempo na nosa programación de Educación Física con outras actividades: os xogos populares e o rugby. A avaliación das competencias deriva da avaliación dos estándares de aprendizaxe que están relacionadas con elas. Por outra banda as porcentaxes que lle aplicamos a cada estándar e a cada un dos instrumentos é cuestión persoal de cada profesor e de como planteo a súa programación.

- **AVALIACIÓN DO ALUMNADO.**

	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN.	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN.	AVALIACIÓN COMPETENCIAS
BLOQUE 1. Contidos comúns en Educación Física.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física 	Análise das producións dos alumnos (Resume de sesións)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entrega o resume cos datos persoais nun folio branco. ▪ Está redactado cunha mínima corrección ortográfica e lingüística. ▪ Define claramente as partes da sesión coa súa duración temporal. ▪ Explica os exercicios que se realizan en cada unha das partes. ▪ Elabora debuxos dos diferentes exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas. 	Rexistro sistemático da observación (exercicios grupais, carreiras de relevos, etc..)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa nas actividades grupais tratando de que o grupo consiga os obxectivos coa súa aportación. ▪ Asume o seu papel no grupo con naturalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
		Carreiras por relevos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Consegue realizar a súa posta sen erros en un tempo acorde cos seus tempo en individual en comparativa co resto do grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece a contorna para a realización de actividades físicas. 	Análise das producións dos alumnos (realización dun plano do recinto do Centro)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza o plano do recinto no Centro cun mínimo de corrección cartográfica. ▪ Utiliza o plano realizado polos seus compañeiros para realizar xogos de orientación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.2. Respecta o contorno na 	Rexistro sistemático da observación (observación	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respecta as normas básicas de ecoloxía no uso do medio natural para a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC



	realización de actividades físicas.	da actitude nas actividades da unidade ó aire libre)	realización de actividades de orientación. ▪ Respecto das propiedades privadas e bens no desenvolvemento destas actividades.	
	▪ EFB1.4.2. Coñece e pon en práctica os protocolos de emerxencia e de protección.	Cuestionario aberto (cuestionario)	▪ Preguntas acerca do protocolo de emerxencia explicado na clase e que está para a consulta do alumnado na aula virtual.	▪ CSIEE
	▪ EFB1.4.3 Adopta as medidas preventivas e de seguridade durante as actividades físicas desenvolvidas.	Rexistro sistemático da observación.	▪ Segue as normas de prevención de riscos durante as actividades ó aire libre.	▪ CSIEE
	▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos axeitados á súa idade.	Cuestionario aberto (cuestionario)	▪ Realiza o cuestionario a través da aula virtual e consultando os apuntamentos e outros documentos da aula e de Internet en Xeral.	▪ CD ▪ CCL
Análise das producións dos alumnos.		▪ Envía o plano pola aula virtual.	▪ CD ▪ CCL	
Rexistro sistemático da observación.		▪ É quen de xogar a orientación a través de Internet. ▪ É quen de participar en xogos de aprendizaxe da simboloxía.	▪ CD ▪ CCL	
Bloque 4: xogos e actividades deportivas	▪ Domina basicamente técnicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	Rexistro sistemático da observación.	▪ É quen de identificar un espazo pola súa imaxe nun plano ou mapa. ▪ É quen de seguir un itinerario seguindo referencias nun plano. ▪ É quen de facer un percorrido de orientación nun espazo semiurbano dunha dificultade acorde coa súa idade. ▪ Coñece a dinámica dunha carreira de orientación. ▪ É quen de interpretar basicamente un mapa de orientación. ▪ É quen de ler un cadro de descrições de controis. ▪ É quen de orientar un plano ou mapa segundo a realidade baseándose en referencias claras ▪ É quen de orientar un plano ou mapa segundo a realidade utilizando o compás.. ▪ Remata o 80% das carreiras propostas sen cometer erros.	▪ CAA ▪ CSIEE
		Cuestionario aberto (cuestionario)	▪ Coñece o fundamento e o funcionamento dun compás.. ▪ Coñece a simboloxía básica maxenta, necesaria para participar nunha carreira. ▪ Coñece basicamente a historia da orientación.	▪ CAA ▪ CSIEE
		Proba específica (carreira de orientación)	▪ Remata a carreira sen cometer erros. ▪ Acada un tempo un posto na carreira acorde co seu nivel físico en comparación co grupo.	▪ CAA ▪ CSIEE
	▪ Reflexiona sobre as situacións resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa	Rexistro sistemático da observación.	▪ Reflexiona buscando outras solucións máis válidas os problemas plantexados nas actividades. ▪ Analiza criticamente os erros para aprender deles de cara o futuro.	▪ CAA ▪ CSIEE



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

	<i>aplicabilidade a situacións similares.</i>	<i>Análise das producións dos alumnos (resume conclusión da Unidade de Orientación)</i>	<ul style="list-style-type: none">▪ <i>Valora a reflexión como o método para a corrección dos erros.</i>▪ <i>Valora o deporte da orientación como unha actividade intelectual e física.</i>▪ <i>Interpreta correctamente as circunstancias para avaliar as solucións correctas despois dos erros.</i>	<ul style="list-style-type: none">▪ CAA▪ CSIEE
--	---	---	---	---



- **AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN.**

A avaliación da programación é un instrumento esencial na labor docente, posto que é directriz do noso labor e vai condicionar os resultados do labor docente. En realidade os resultados do alumnado, protagonista de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, son os que deben condicionar a análise de todo o proceso. Dado que os resultados do alumnado son sempre mellorables, do mesmo xeito tamén o deben ser tódolos elementos que interveñen no proceso, entre os que se atopa a programación docente, con importante relevancia.

Para facer unha avaliación sistemática da programación debemos avaliar todos aqueles elementos que forman parte dela e non veñen determinados de antemán. Debemos avaliar:

- *As actividades propostas*
- *As Unidades deseñadas.*
- *As actividades extraescolares e complementarias propostas.*
- *A forma de presentar as actividades.*
- *Os medios utilizados para presentar e recoller as actividades e traballos.*
- *O tempo adicado a cada actividade e cada unidade.*
- *O material utilizado ou dispoñible.*
- *Os espazos propostos e os utilizados para cada actividade.*
- *A metodoloxía utilizada en cada actividade.*
- *A posición do profesor ante o grupo.*
- *As normas de funcionamento antes, despois e en clase.*

Todos e cada un dos anteriores elementos deberemos analizalos ó remate do curso, ó remate do trimestre e, incluso, algúns deles ó remate de cada sesión e, se fose o caso, tomar decisión de cambio.

Todas estas cuestións analizadas e os cambios tomados debemos rexistralos a través do instrumento que nos pareza máis axeitado (folla de rexistro, escala de avaliación, etc...) e, aqueles que afectan a propia programación, ir anotándoos nunha arquivo para introducir os reaxustes que estimemos oportunos para o seguinte curso.